

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026. ADULTOS.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, convoca anualmente o CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026. ADULTOS, de acordo coas súas bases reguladoras.

Por dito motivo, para a celebración de "CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026", e vistos os seguintes informes emitidos:

- Informe do Servizo de Fomento de data 22 de xaneiro de 2026, no que manifesta que a proposta de bases é axustada á regulamentación específica.
- Informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal nº 2026/55 de data 26 de xaneiro de 2026, no que manifesta como resultado da fiscalización previa: "Procede á tramitación do expediente, en base aos informes que se inclúen no mesmo e que conclúen o seu carácter favorable únicamente en relación aos requisitos mínimos da fiscalización previa limitada e sen perxuízo do control financeiro posterior que puidese levarse a cabo...", con determinadas observacións, das que se toma razón para este e sucesivos expedientes.

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **PROPONSE** para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do PREMIO DE "CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026" que seguidamente se transcriben:

BASES CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026 - ADULTOS

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2026, a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso de Disfraces, categoría adultos, que se rexerá polas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- Participantes: Poderán concursar todas as persoas que o desexen que teñan 16 anos ou máis.

SEGUNDA.- Categorías: Diferénciase na modalidade de ADULTOS a seguinte clasificación para o disfrace:

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

XMCR/cfl

Refª: Informe Proposta Bases Entroido 26

Asunto: Informe Proposta Bases

Expte. Tecol: 2026/G001/000

- Individual.
- Parellas.
- Comparsas.

TERCEIRA.- Premios: Establécense os seguintes premios segundo as categorías:

INDIVIDUAL:

- 1º premio: 500,00 €
- 2º premio: 300,00 €
- 3º premio: 200,00 €
- 3 premios de 50,00 €

PARELLAS:

- 1º premio: 600,00 €
- 2º premio: 400,00 €
- 3º premio: 300,00 €
- 5 premios de 100,00 €

COMPARSAS:

- 1º premio: 1.100,00 €
- 2º premio: 800,00 €
- 3º premio: 600,00 €
- 7 premios de 200,00 €

Estes premios estarán suxeitos ás retencións correspondentes de acordo co Real Decreto Lei 26/2014, de 27 de novembro, polo que se modifica a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Existe consignación na aplicación orzamentaria 33000.48101, RC nº 2624/2026, por importe de 6.850,00 euros.

CUARTA.- Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición:

O prazo para a presentación das solicitudes iniciárase ao día seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e termos previstos na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) e rematará o día luns 16 de febreiro, ás 13:00 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto “*Solicitud inscripción CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026 - ADULTOS*” e achegando a folla de inscrición que figura como anexo a estas bases ou achegar dita folla presencialmente ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua sita na praza Maior s/n.

No caso de precisar música propia no desfile na praza Maior, deberán achegar a música gravada nun pincho identificado co nome do disfrace antes do inicio do desfile.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase no Taboleiro de Anuncios do Concello a listaxe de admitidos e excluídos.

QUINTA.- O Desfile. O concurso terá lugar o día martes 17 de febreiro a partir das 17:00 horas. **Os participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile.** Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Santo Domingo, Raíña e praza Maior.

O xurado elaborará a súa proposta formulada en base aos criterios establecidos nestas bases e que se recollerán na correspondente acta das valoracións na que se propoñerán os/as gañadores/as, e deben ter elementos de xuízo que permitan xustificar que se obrou con criterios obxectivos e que non se actúa con arbitrariedade.

Con posterioridade terá lugar a resolución do órgano competente, na que se incluírá a listaxe de total de participantes xunto co detalle dos que resultaran gañadores, indicando os recursos que contra a mesma se poderán interpoñer.

SEXTA.- Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

SÉTIMA.- Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por tres persoas competentes na materia, de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso mediante resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O xurado será o encargado de propoñer os disfraces gañadores, que se recollerán na resolución do órgano competente.

A decisión do xurado axustarase aos seguintes criterios:

- Orixinalidade e creatividade na temática. (Ata 1 punto)
- Interacción co público: animación, gracia, crítica, diversión. (Ata 1 punto)
- Integración da música co tema. (Ata 0,5 puntos)
- Música en vivo. (Ata 0,5 puntos)
- Coreografía de baile e ou desfile. (Ata 1 punto)
- Vestiario e maquillaxe. (Ata 1 punto)
- Elaboración propia. (Ata 1 punto)

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

XMCR/cfl

Refº: Informe Proposta Bases Entroido 26

Asunto: Informe Proposta Bases

Expte. Tecol: 2026/G001/000

O xurado pode propoñer declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas, e deben ter elementos de xuízo na resolución adoptada que permitan xustificar que se obrou con criterios obxectivos e que non se actúa con arbitrariedade.

OITAVA.- As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida da súa competencia, sen prexuízo dos recursos que procedan. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297 212 / 216 /217/ 106 / 334 ou no correo-e cultura@lugo.gal

NOVENA.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMA.- A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

ANEXO

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO
2026 E DECLARACIÓN RESPONSABLE**

CATEGORÍA ADULTOS
Martes, 17 DE FEBREIRO 2026

1.- Seleccionar a categoría de disfrace na que se vai participar:

☐ INDIVIDUAL ☐ PARELLA ☐ COMPARSA

PARTICIPANTE Nº (dato que cubrirá o Concello) _____

2.- DATOS PERSOAIS DA PERSOA REPRESENTANTE

-Nome e apelidos:

-DNI: _____ -Teléfono: _____

-Correo electrónico: _____

3.- DATOS DO DISFRACE

-Nome do disface

-Número de compoñentes da comparsa e datos indetificativos (nome completo e DNI) _____

4.- OBSERVACIÓNS:

☐ VEHÍCULO Matrícula do vehículo: _____
Dimensións do vehículo: _____

☐ MÚSICA PROPIA

-Outras observacións:

5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Que nos atopamos ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiarios, no seu caso, do premio que puidera corresponder, comprometéndonos a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando sexa requirido, quedando obrigado a comunicar calquera variación desta situación.

Así mesmo, cada un dos compoñentes asina o presente documento autorizando ao mencionado representante, que percibirá en nome de tódolos compoñentes a parte proporcional que lle correspondería a cada un, en caso de obter premio.

Autoriza á captación e difusión de imaxes relativas ao concurso.

Lugo, _____ de 2026

(Sinatura de tódolos compoñentes indicando D.N.I.)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 6.850,00 euros con cargo á partida 33000.48101 RC 2026/2624 do vixente orzamento municipal.

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

XMCR/cfl

Refº: Informe Proposta Bases Entroido 26

Asunto: Informe Proposta Bases

Expte. Tecol: 2026/G001/000

TERCEIRO.- Publicar o extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.

Lugo, (sinatura dixital)

O xefe do Servizo de Cultura,
Turismo e Promoción da Lingua,

CONFORME,
A Tenenta de Alcaldesa da Área
de Participación e Servizos para
a Veciñanza (P.S),

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo. Mª Cristina López Fernández